

# FESTAS de SAN XOÁN

SANTIAGO DE COMPOSTELA 2017  
22, 23 e 24 de xuño

Promover:



Colaboran:

CIAC  
CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
ASOCIACIÓN DO CASTRO DA FERVEZA  
DE CALLOBRE (A ESTRADA)  
ARTESANÍA DE GALICIA



## PROGRAMA DE ACTIVIDADES FESTIVAL DE SAN XOÁN 2017

### Praza de Mazarelos

---

#### XOVES DÍA 22

Dende ás 09h: Recollida do programa de actividades das Festas de San Xoán en Compostela, o manual de instrucións e o talonario de sortilexios de San Xoán na oficina de Turismo de Santiago (Rúa do Vilar, 63; CP: 15705).

17h a 00h Apertura do Festival de San Xoán na Praza de Mazarelos: Mercadiño tradicional coa participación de Sanín Percusión Tradicional, Susi Gesto, Panadería Mazás e Alimentación Divina entre outros, *Espazo Palleiro* para os máis cativos e zona gastronómica *Área Asardiñada* coas viandas típicas das festas.

Entrada de balde. Praza de Mazarelos.

18h Obradoiro e Roteiro de recoñecemento das Herbas de San Xoán organizado polo Centro de Interpretación Ambiental de Compostela.

Actividade de balde e suxeita a aforo e dispoñibilidade. Inscricións no teléfono [981 543 145](tel:981543145) ou na seguinte ligazón: <http://goo.gl/2LFIZd>

18:30h a 19h e 19:30h a 20h. Obradoiro de iniciación ao baile tradicional galego a cargo de Montse Rivera coa música ao vivo de Ariel Ninas á zanfona. Bailes agarrados, xogos de roda e baile solto.

(\*). Este programa é provisional e pode sufrir cambios, adaptacións ou cancelacións. Pregamos actualicen a información os días previos ao evento.



Actividade de balde e suxeita a aforo e dispoñibilidade de espazo. Entrada de balde. Praza de Mazarelos.

**21h Contada de San Xoán a cargo de Celso F. Sanmartín.** Entrada de balde. Praza de Mazarelos.

**21:30h aprox. Saída dende a Alameda da comitiva formada pola Raíña Alda e o seu séquito para levar o “Lume Sagrado” do Pico Sacro ata a Praza de Mazarelos.** Actividade en colaboración co Concello de Boqueixón e a Asociación do “Castro da Fervenza de Callobre”.

**22h aprox. Chegada á Praza de Mazarelos da Raíña celta Alda e do seu séquito co “Lume Sagrado” do Pico Sacro.**

Este acto simbólico, organizado coa colaboración do Concello de Boqueixón e a Asociación do “Castro da Fervenza de Callobre” (A Estrada), recupera a celebración pagá do solsticio de verán coa obtención do lume por medios naturais. O facho co lume sagrado do Pico Sacro ficará dende o xoves 22 en Mazarelos a disposición daqueles que queiran prender con el as súas fogueiras de San Xoán.

**22:30h Concerto de música tradicional: *Pelepau*.**

Entrada de balde. Praza de Mazarelos

**00h Peche do espazo.**

## **VENRES DÍA 23 (VÉSPERA DE SAN XOÁN)**

**Toda a xornada: Roteiro libre pola cidade para cumprir a tradición de “facer o cacho”:** coller a auga de sete fontes para, pola noite, deixala ao orballo con Herbas de San Xoán e aproveitar ao día seguinte as súas propiedades milagreiras.

**Toda a xornada: “Lume sagrado do Pico Sacro” en Mazarelos a disposición daqueles que queiran prender con el as súas fogueiras de San Xoán.**

*(\*) Este programa é provisional e pode sufrir cambios, adaptacións ou cancelacións. Pregamos actualicen a información os días previos ao evento.*



**17h - 00h Festival de San Xoán na Praza de Mazarelos: Mercadiño tradicional coa participación de Sanín Percusión Tradicional, Susi Gesto, Panadería Mazás e Alimentación Divina entre outros, Espazo Palleiro para os máis cativos e zona gastronómica Área Asardiñada para a degustación das viandas típicas das festas.**

Entrada de balde. Praza de Mazarelos.

**17h - 1h: Circulación do Tren Cacharelo polos distintos barrios da cidade que celebran actividades de San Xoán.** Saídas ás horas en punto dende o CGAC con paradas en Avda. Castelao, Burgo das Nacións, Carballeira de San Lourenzo e Avda. Xoan Carlos I. Actividade de balde e suxeita a dispoñibilidade e aforo limitado por traxecto (20-25 prazas aprox). Entre as 17h e as 20h terán prioridade no servizo cativos e cativas cos seus tutores acompañantes.

**17h - 18:30h Obradoiro e Roteiro guiado para a recollida de herbas de San Xoán coordinado polo Centro de Interpretación Ambiental de Compostela. \*Visitors Welcome!** (English translation). Saída do CIAC ás 17h con chegada á Praza de Mazarelos ás 18:30h.

Actividade de balde e suxeita a aforo e dispoñibilidade. Inscricións no teléfono [981 543 145](tel:981543145) ou na seguinte ligazón: <http://goo.gl/2LFIZd>

**19h - 20:30h Obradoiro para a elaboración de ramiños de San Xoán coordinado polo Centro de Interpretación Ambiental de Compostela.**

Actividade de balde e suxeita a aforo e dispoñibilidade de material. Praza de Mazarelos.

**20:30h - 21h e 21:30h- 22h Obradoiro de iniciación ao baile tradicional galego a cargo de Mercedes Prieto co acompañamento ao acordeón de Serxio Cobos.**

Actividade de balde e suxeita a aforo e dispoñibilidade de espazo. Praza de Mazarelos.

**22:30h Concerto de música tradicional: Habelas Hainas.**

Entrada de balde. Praza de Mazarelos

**00h Peche do Festival de San Xoán na Praza de Mazarelos e último traxecto do Tren Cacharelo con saída ás 00h do CGAC, paradas en Avda. Castelao, Burgo das Nacións,**

*(\*) Este programa é provisional e pode sufrir cambios, adaptacións ou cancelacións. Pregamos actualicen a información os días previos ao evento.*



Carballeira de San Lourenzo e Avda. Xoan Carlos I. e regreso á mesma localización á 01h aprox.

00h. Salto de cacharelas nos distintos barrios da cidade para *salvar* o meigallo na noite máxica de San Xoán!

06:54 (saída do sol) Roteiro libre por Compostela para cumprimentar os ritos tradicionais da madrugada de San Xoán: “ver bailar o sol” na zona leste da cidade e lavarse a cara “coa flor da auga” na primeira raiola do amencer aproveitando así as propiedades máxicas que, segundo a tradición, as augas das fontes e os ríos gañan durante esta noite.

## SÁBADO DÍA 24 (DÍA DE SAN XOÁN)

12h - 15h Festival de San Xoán na Praza de Mazarelos: Mercadiño tradicional coa participación de Sanín Percusión Tradicional, Susi Gesto, Panadería Mazás e Alimentación Divina entre outros, *Espazo Palleiro* para os máis cativos, zona gastronómica *Área Asardiñada* para a degustación das viandas típicas das festas, e reparto de auga máxica de Herbas de San Xoán ata agotar existencias (probetas de balde para a recollida da auga dos barrís no Posto de Información e segundo dispoñibilidade).

Entrada de balde. Praza de Mazarelos.

12:30h Obradoiro interxeneracional de decoración de pratos de pulpo.

Actividade de balde e suxeita a aforo e dispoñibilidade de espazo e material. Praza de Mazarelos.

13h Pasarrúas de música tradicional polo casco histórico: *Quinta do Ulla*.

13:30h Concerto de música tradicional: *Quinta do Ulla*.

Entrada libre. Praza de Mazarelos

15h - 17h Peche de espazos para a pausa de mediodía.

(\*). Este programa é provisional e pode sufrir cambios, adaptacións ou cancelacións. Pregamos actualicen a información os días previos ao evento.



**17h - 00h Festival de San Xoán na Praza de Mazarelos: Mercadiño tradicional coa participación de Sanín Percusión Tradicional, Susi Gesto, Panadería Mazás e Alimentación Divina entre outros, *Espazo Palleiro* para os máis cativos, zona gastronómica *Área Asardiñada* para a degustación das viandas típicas das festas, e reparto de auga máxica de Herbas de San Xoán ata agotar existencias (probetas de balde para a recollida da auga dos barrís no Posto de Información e segundo dispoñibilidade).**

Entrada de balde. Praza de Mazarelos.

### **18h - 20h Obradoiro de percusión e canto tradicional.**

Actividade de balde e suxeita a aforo e dispoñibilidade de espazo e materiais. Inscricións no Posto de Información dende o xoves 22 de xuño ás 17h. Será necesario confirmar praza presencialmente no Posto de Información dez minutos antes do arranque da actividade. Praza de Mazarelos.

### **21h: Obradoiro de elaboración de queimada.**

Actividade de balde e suxeita a aforo e dispoñibilidade de espazo e materiais. Praza de Mazarelos.

### **22h-23h. Concerto de música tradicional: *Os Carunchos*.**

Entrada libre. Praza de Mazarelos.

**23:30h Conxuro con degustación de queimada.** Actividade de balde e suxeita a aforo e dispoñibilidade de produto. Praza de Mazarelos.

### **00h Peche do espazo e fin do Festival de San Xoán 2017!**



(\*). Este programa é provisional e pode sufrir cambios, adaptacións ou cancelacións. Pregamos actualicen a información os días previos ao evento.